

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024 , cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

GDR – 14- Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

Convocatoria 2023-2024: proxectos produtivos

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de desenvolvemento Rural do 13 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 246 do 27 de decembro). Mediante Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 10 de marzo de 2021, modificáronse as citadas bases reguladoras (DOG núm. 53, do 18 de marzo). Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2022 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2023 e 2024 (DOG núm. 247).

Para o financiamento desta convocatoria, prevíase que no ano 2023 disporíase de 3.056.886,80 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.760.0, 14.A1.712A.770.0 e 14.A1.712A.781.0 (aplicación orzamentaria 14.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00001 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2024, prevese un importe de 12.227.547,20 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2024.

ANO	IMPORTE
2023	112.861,25€
2024	451.445,01€
TOTAL	564.306,26€

Cómpre sinalar que o artigo 16.1 das bases reguladoras polas que se rexe esta convocatoria, dispón o seguinte:

“Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, correspondentes á submedida 19.2, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar a Axencia Galega de desenvolvemento Rural, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de





proxectos que se indican no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo. As solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse a Axencia Galega de desenvolvemento Rural durante os quince días naturais inmediatamente posteriores á data da publicación de cada unha das convocatorias”.

Tendo en conta que rematou o prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria 2023-2024 de axudas para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 16.1 das bases reguladoras, mediante a Resolución do 31 de maio de 2023 da directora xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, aprobáronse os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables para o GDR – 14- Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste , que son, en concreto, os seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.023	%	2.024	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	73.359,81	65,00	293.439,26	65,00	366.799,07	65,00
	Non productivos (entidades públicas locais)	11.850,43	10,50	47.401,73	10,50	59.252,16	10,50
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	27.651,01	24,50	110.604,02	24,50	138.255,03	24,50
	Formación (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL		112.861,25		451.445,01		564.306,26

(*) De acordo co disposto nos artigos 53 a 57 das bases reguladoras, así como no artigo 1.3 da resolución do 26 de decembro de 2022 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se publica esta convocatoria, os proxectos que se encadren natioloxía de formación, coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación rural e que estean promovidos directamente polos GDRs no ámbito da submedida 19.2 do PDR, non participan na concorrencia competitiva por non estar sometidos a criterios de selección e puntuación.

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (<http://Axencia Galega de desenvolvemento Rural.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, en virtude do do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Axencia Galega de desenvolvemento Rural do 13/12/2019, feito público





mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro).

- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 10/11/2023

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS
SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTEs:**

1. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: promovidos por entidades privadas (anexo I)
2. Establecer a listaxe de proxectos con denegación de axuda (anexo II)
3. Establecer a listaxe de proxectos en situación de lista de agarda para proxectos produtivos (anexo III)
4. Establecer a listaxe de proxecto desistidos polo promotor (anexo IV)





ANEXO I: PROXECTOS PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Titulo	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2023	IMPORTE AXUDA 2024	Puntuación segundo o baremo
L23 1920 14 0223	Adaptación De Edificación Destinado A Mercalibro/Libr@Rte	C.M.V.M.C. Amoedo	293.430,19	50,00%	146.715,10	29.343,02	117.372,08	72,00
L23 1920 14 0221	Hotel Amoriño***	Amoriño 1988, S.L.(1)	416.787,88	50,00%	200.000,00	40.000,00	160.000,00	69,00
L22 1920 14 0196	A Tui En Barco	Vecan Galicia S.L	28.000,00	50,00%	14.000,00	2.800,00	11.200,00	68,00
L23 1920 14 0222	Pensión "Raianos"	Raianos Alasen, SL (2)	88.359,69	50,00%	6.083,97	1.216,79	4.867,18	63,00
			826.577,76		366.799,07	73.359,81	293.439,26	

(1) Expediente que segundo o baremo lle correspondía unha axuda de 208.393,34€ O importe de axuda non se corresponde coa porcentaxe de axuda que lle correspondería ao proxecto segundo a puntuación obtida na aplicación dos criterios de selección aplicables debido a que a axuda pública máxima que pode percibir un proxecto está limitada a un máximo de 200.000,00 euros, segundo dispoñen as bases reguladoras da medida Leader do PDR de Galicia 2014-20

(2) Expediente acivado parcialmente: 38.095,88 € pendiente de activar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto





ANEXO III : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe maximo de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L23 1920 14 0204	CENTRO DE DÍA (*)	TROULOS ENCOMIENDA DE GESTION, SL	114.401,04	50,00%	66,00
L22 1920 14 0193	Clínica dental en Ramallosa	Dental Ramallosa 21 SL	192.203,21	50,00%	58,00
L23 1920 14 0209	Mecanizacion Cabina Presurizada	Carpintería Joyla SL	86.500,00	50,00%	55,00
L22 1920 14 0192	Nova Fábrica De Colchóns	Ranges Conservation SL	651.100,00	30,72%	53,00
L23 1920 14 0216	Fàbrica Mininolas	Golosinas Mininolas S.L.	160.000,00	45,00%	50,00
L21 1920 14 0191	Miño Nature, Paseos E Aloxamento Fluvial	Nicolás Lorenzo Montes	186.086,00	36,00%	41,00
L22 1920 14 0194	Instalación De Equipo Frigorífico. Panadería Argibay	Panaderia Argibay S.L	34.000,00	33,00%	38,00
L23 1920 14 0217	Ampliación De Infraestructuras Y Adquisición De Equipamiento Ikeric Racing S.L	Ikeric Racing	446.483,84	32,00%	37,00
L23 1920 14 0202	Rehabilitación Y Cambio De Uso Galpones Anexos A La Actividad	Guerreiro Riveiro Figueiró, S.L.	234.474,51	29,00%	34,00

(*) Expediente que non aceptou a distribución de fondos para as anualidades 2023-2024 si se activaran novos fondos para executar na anualidade 2024 o expediente pasa a ser o primeiro na lista de agarda en base a súa puntuación.

ANEXO III: EXPEDIENTES DESISTIDOS POLO PROMOTOR

Número de expediente	Título	Promotor
L23 1920 14 0224	Elaboración e comercialización de ensaladas e secado de plantas medicinais de produción ecolóxica	Joaquín Díaz Gonda





ANEXOIV : EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L22 1920 14 0195	Cintia Lomba Lomba	1	
L22 1920 14 0200	César San Miguel Millán	6	Documentación requirida non presentada ou fóra de prazo
L23 1920 14 0206	Xose Santiago Martínez Fariñas	6	Documentación requirida non presentada ou fóra de prazo
L23 1920 14 0214	Ceramicas Tecnicas Galegas SL	6	Documentación requirida non presentada ou fóra de prazo
L23 1920 14 0219	María Belén Fernández Pousa	6	Documentación requirida non presentada ou fóra de prazo

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
Na data da sinatura dixital
O Consello de Dirección de Agader
(P.D. : Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral de Agader
Inés Santé Riveira

